

XEOLOXÍA

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 5 primeiras respondidas.**

PREGUNTA 1. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)

1.1. Indique que tipo de axente xeolóxico orixina as seguintes formas de modelado:

- a. loess b. val en U c. morea d. estalagmita e. tómbolo

1.2. Indique cando menos catro factores de formación do solo e a súa influencia nas características do mesmo.

1.3. Explique en que tipo de rochas se pode formar o modelado kárstico e que reaccións químicas se producen.

PREGUNTA 2. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)

2.1. Explique que é a diaxénese e que procesos comprende.

2.2. Explique os criterios de clasificación das rochas sedimentarias.

2.3. Indique os tipos de carbón e as súas características.

PREGUNTA 3. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)

Que tipo e subtipo de bordo de placa está representado na figura? Cite un exemplo xeográfico. A que tipo de oróxeno corresponde?

PREGUNTA 4. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)

Que significan os puntos na figura e cal é a razón da súa particular distribución? Que outros procesos xeolóxicos teñen lugar nese tipo de bordo?

PREGUNTA 5. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)

Indique os tipos de contactos entre 4 e 3, 5 e 1, 4 e 1. Indique que morfoloxía ten o material 2, cal foi o axente de formación e a orde relativa de formación dos materiais 2a e 2b.

PREGUNTA 6. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)

Descríba a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos. Indique, xustificando a resposta, que materiais dos que aparecen no corte xeolóxico teñen mellores propiedades para ser acuíferos.

PREGUNTA 7. Defina catro dos seis termos seguintes: (0,5 puntos por definición)

1. Sinclinal 2. Metamorfismo rexional 3. Ganga 4. Litosfera 5. Paleomagnetismo 6. Gabro

PREGUNTA 8. Resolva as dúas asociacións: (1 punto por apartado)

8.1. Emparelle (na folla de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda (unha letra pode corresponder a máis dun número):

1) Biotita. 2) Diamante. 3) Casiterita. 4) Galena. 5) Aragonita. 6) Halita. 7) Xeso. 8) Cinabrio. 9) Anfíbolo. 10) Cobre.

A) Elementos nativos. B) Haloxenuros. C) Sulfuros e sulfosales. D) Óxidos e hidróxidos. E) Sulfatos. F) Carbonatos. G) Silicatos.

8.2. Forme cinco frases correctas e con significado xeolóxico, empregando un termo de cada columna en cada frase.

gneis	ígnea	angulosos
granito	grao fino	batólito
hidrólise	metamórfica	bandeado
brecha	meteorización	silicatos
lousa	sedimentaria	exfoliación

XEOLOXÍA

El examen consta de 8 preguntas de 2 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 5 primeras respondidas**.

PREGUNTA 1. Responda dos de los tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)

1.1. Indica qué tipo de agente geológico origina las siguientes formas de modelado:

- a. loess b. valle en U c. morrena d. estalagmita e. tómbolo

1.2. Indica por lo menos cuatro factores de formación del suelo y su influencia en las características del mismo.

1.3. Explica en qué tipo de rocas se puede formar el modelado kárstico y qué reacciones químicas se producen.

PREGUNTA 2. Responda dos de los tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)

2.1. Explique qué es la diagénesis y qué procesos comprende.

2.2. Explique los criterios de clasificación de las rocas sedimentarias.

2.3. Indique los tipos de carbón y sus características.

PREGUNTA 3. Analice el esquema-diagrama 1: (2 puntos)

¿Qué tipo y subtipo de borde de placa está representado en la figura? Cite un ejemplo geográfico ¿A qué tipo de orógeno corresponde?

PREGUNTA 4. Analice el esquema-diagrama 1: (2 puntos)

¿Qué significan los puntos en la figura y cuál es la razón de su particular distribución? ¿Qué otros procesos geológicos tienen lugar en ese tipo de borde?

PREGUNTA 5. Analice el esquema-diagrama 2: (2 puntos)

Indique los tipos de contactos entre 4 y 3, 5 y 1, 4 y 1. Indique qué morfología tiene el material 2, cuál fue el agente de formación y el orden relativo de formación de los materiales 2a y 2b.

PREGUNTA 6. Analice el esquema-diagrama 2: (2 puntos)

Describa la historia geológica, ordenando cronológicamente, del más antiguo al más moderno, los materiales que aparecen en el corte geológico, y los eventos tectónicos y erosivos ocurridos. Indique, justificando la respuesta, qué materiales de los que aparecen en el corte geológico tienen mejores propiedades para ser acuíferos.

PREGUNTA 7. Defina cuatro de los seis términos siguientes: (0,5 puntos por definición)

1. Sinclinal 2. Metamorfismo regional 3. Ganga 4. Litosfera 5. Paleomagnetismo 6. Gabro

PREGUNTA 8. Resuelva las dos asociaciones: (1 punto por apartado)

8.1. Empareje (en la hoja de examen) cada número de la primeira lista con una letra de la segunda (cada letra puede corresponder a más de un número):

1) Biotita. 2) Diamante. 3) Casiterita. 4) Galena. 5) Aragonito. 6) Halita. 7) Yeso. 8) Cinabrio. 9) Anfíbol. 10) Cobre.

A) Elementos nativos. B) Halógenos. C) Sulfuros y sulfosales. D) Óxidos e hidróxidos. E) Sulfatos. F) Carbonatos. G) Silicatos.


8.2. Forme cinco frases correctas y con significado geológico, empleando un término de cada columna en cada frase:

gneis	ígneas	angulosos
granito	grano fino	batolito
hidrólisis	metamórfica	bandeado
brecha	meteorización	silicatos
pizarra	sedimentaria	exfoliación


XEOLOXÍA

MATERIAL GRÁFICO DAS PREGUNTAS 3, 4, 5 e 6: / MATERIAL GRÁFICO DE LAS PREGUNTAS 3, 4, 5 y 6:

ESQUEMA-DIAGRAMA 1



ESQUEMA-DIAGRAMA 2



1- Calcarias e margas. 2- Conglomerados con industrias líticas. 3- Arenita con pegadas de dinosauros. 4- Xistos. 5- Dolomías con anacos de cunchas.

1.- Calizas y margas. 2.- Conglomerados con industrias líticas. 3.- Areniscas con huellas de dinosaurios. 4.- Esquistos. 5.- Dolomías con fragmentos de conchas.

XEOLOXÍA

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 5 primeiras respondidas.**

PREGUNTA 1. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)

- 1.1. Describa as principais reaccións de meteorización química nas que intervéñen a auga.
- 1.2. Explique que é o solo, indique os seus compoñentes e describa polo menos 3 tipos de horizontes.
- 1.3. Indique que tipo de axente xeolóxico orixina as seguintes formas de modelado:
delta – duna – morena (morea) – dolina – terraza.

PREGUNTA 2. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)

- 2.1. Explique que é un oróxeno de colisión e poña un exemplo.
- 2.2. Indique cal é a orixe e a composición do magma que se forma baixo as dorsais oceánicas, así como que rochas se forman tras o seu arrefriamento.
- 2.3. Explique que se entende por “deriva continental” e describa cando menos dúas probas da mesma.

PREGUNTA 3. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)

Indique que tipo de bordo de placa se representa na figura e explique que significado xeolóxico teñen os tres puntos brancos.

PREGUNTA 4. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)

Poña un exemplo dalgunha zona xeográfica onde se localice ese tipo de estrutura e indique os procesos xeolóxicos asociados a este tipo de bordo.

PREGUNTA 5. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)

Indique os tipos de contactos entre B e C, C e D, e E e C, explicando cal é a orixe do material existente no contacto entre E e B. Indique, razoando a resposta, se se produciu unha regresión ou transgresión na serie C-D-A.

PREGUNTA 6. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)

Describa a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos. Indique razoadamente que oroxenia afectou ao material B.

PREGUNTA 7. Defina catro dos seis termos seguintes: (0,5 puntos por definición)

1. Sinclinal 2. Xistosidade 3. Diáclase 4. Mármore 5. Fósil guía 6. Anatexia

PREGUNTA 8. Resolva as dúas asociacións: (1 punto por apartado)

8.1. Emparelle (na folla de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda:

- 1) Lyell. 2) Hutton. 3) Steno. 4) Wegener. 5) Cuvier. 6) Bowen. 7) Lamarck. 8) Darwin. 9) Curie. 10) Mercalli.

A) Catastrofismo. B) Principios da estratigrafía. C) Uniformismo. D) Cristalización ordenada dos minerais a partir dun magma. E) Herdanza dos caracteres adquiridos. F) Selección natural. G) Radioactividade natural. H) Deriva continental. I) Medida da intensidade dun sismo. J) Orixe e clasificación das rochas.

8.2. Forme cinco frases correctas e con significado xeolóxico, empregando un termo de cada columna en cada frase.

nesosilicatos	normal	plaxioclasios
dobra	félsico	compresivo
isomorfismo	estrutura	distensivo
falla	descontinua	olivinas
seixo	elástico	granito

XEOLOXÍA

El examen consta de 8 preguntas de 2 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 5 primeras respondidas**.

PREGUNTA 1. Responda dos de los tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)

- 1.1 Describa las principales reacciones de meteorización química en las que interviene el agua.
- 1.2. Explique qué es el suelo, indique sus componentes y describa al menos 3 tipos de horizontes.
- 1.3. Indique qué tipo de agente geológico origina las siguientes formas de modelado:
delta – duna – morrena – dolina – terraza.

PREGUNTA 2. Responda dos de los tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)

- 2.1. Explique qué es un orógeno de colisión y ponga un ejemplo.
- 2.2. Indique cuál es el origen y la composición del magma que se forma bajo las dorsales oceánicas, así como qué rocas se forman tras su enfriamiento.
- 2.3. Explique qué se entiende por “deriva continental” y describa al menos dos pruebas de la misma.

PREGUNTA 3. Analice el esquema-diagrama 1: (2 puntos)

Indique qué tipo de borde de placa se representa en la figura y explique qué significado geológico tienen los tres puntos blancos.

PREGUNTA 4. Analice el esquema-diagrama 1: (2 puntos)

Ponga un ejemplo de alguna zona geográfica donde se localice ese tipo de estructura e indique los procesos geológicos asociados a este tipo de borde.

PREGUNTA 5. Analice el esquema-diagrama 2: (2 puntos)

Indique los tipos de contactos entre B y C, C y D, y E y C, explicando cuál es el origen del material existente en el contacto entre E y B. Indique, razonando la respuesta, si se ha producido una regresión o transgresión en la serie C-D-A.

PREGUNTA 6. Analice el esquema-diagrama 2: (2 puntos)

Describa la historia geológica, ordenando cronológicamente, del más antiguo al más moderno, los materiales que aparecen en el corte geológico, y los eventos tectónicos y erosivos ocurridos. Indique razonadamente qué orogenia afectó al material B.

PREGUNTA 7. Defina cuatro de los seis términos siguientes: (0,5 puntos por definición)

1. Sinclinal 2. Esquistosidad 3. Diaclasa 4. Mármol 5. Fósil guía 6. Anatexia

PREGUNTA 8. Resuelva las dos asociaciones: (1 punto por apartado)

8.1. Empareje (en la hoja de examen) cada número de la primeira lista con una letra de la segunda:

- 1) Lyell. 2) Hutton. 3) Steno. 4) Wegener. 5) Cuvier. 6) Bowen. 7) Lamarck. 8) Darwin. 9) Curie. 10) Mercalli.

A) Catastrofismo. B) Principios de la estratigrafía. C) Uniformismo. D) Cristalización ordenada de los minerales a partir de un magma. E) Herencia de los caracteres adquiridos. F) Selección natural. G) Radiactividad natural. H) Deriva continental. I) Medida de la intensidad de un seísmo. J) Origen y clasificación de las rocas.


8.2. Forme cinco frases correctas y con significado geológico, empleando un término de cada columna en cada frase:

nesosilicatos	normal	plagioclasas
pliegue	félsico	compresivo
isomorfismo	estructura	distensivo
falla	discontinua	olivinos
cuarzo	elástico	granito

XEOLOXÍA


MATERIAL GRÁFICO DAS PREGUNTAS 3, 4, 5 e 6: / MATERIAL GRÁFICO DE LAS PREGUNTAS 3, 4, 5 y 6:

ESQUEMA-DIAGRAMA 1



ESQUEMA-DIAGRAMA 2

A. Conglomerados. B. Lousas con graptolites. C. Calcarías e dolomías. D. Arenitas. E. Granito. F. Sedimentos con gravas e areas.
A. Conglomerados. B. Pizarras con graptolites. C. Calizas y dolomías. D. Areniscas. E. Granito. F. Sedimentos con gravas y arenas.



ABAU
CONVOCATORIA DE XULLO
Ano 2020
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

XEOLOXÍA
(Cód. 25)

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos, das que se poden responder un **máximo de 5**, combinadas á elección do alumnado. De responder a máis preguntas das permitidas, só se corrixen as 5 primeiras respondidas.

PREGUNTA 1. Máximo 2 puntos. Responda dous dos tres apartados temáticos:

1.1. Máx. 1 pto. pola identificación correcta dos axentes xeolóxicos que orixinan as formas de modelado: loess, val en U, morea, estalagmita e tómbolo (0,2 ptos. por forma).

1.2. Máx. 1 pto. pola identificación correcta de catro dos factores de formación do solo e a súa influencia nas características do mesmo (0,25 ptos. por factor).

1.3. Máx. 1 pto.: 0,5 ptos. pola identificación correcta do tipo de rochas nas se pode formar o modelado kárstico; 0,5 ptos. por indicar as reaccións químicas que se producen.

PREGUNTA 2. Máximo 2 puntos. Responda dous dos tres apartados temáticos:

2.1. Máx. 1 pto. pola explicación correcta e completa da diaxénese e dos procesos que comprende.

2.2. Máx. 1 pto. pola explicación correcta e completa dos criterios de clasificación das rochas sedimentarias.

2.3. Máx. 1 pto. pola explicación correcta e completa dos tipos de carbón e as súas características.

PREGUNTA 3. Máximo 2 puntos. Analice o esquema-diagrama 1:

0,5 ptos. por indicar correctamente o tipo e subtipo de bordo de placa representado no esquema-diagrama 1 (bordo activo destrutivo - bordo converxente - zona de subdución de placa oceánica baixo placa continental ou bordo continental activo); 0,5 ptos. por indicar un exemplo xeográfico deste tipo de bordo.

Máx. 1 pto. por identificar correctamente, e de xeito razoado, o tipo de oróxeno ao que corresponde (oróxeno térmico ou de tipo andino).

PREGUNTA 4. Máximo 2 puntos. Analice o esquema-diagrama 1:

Máx. 1 pto. por explicar correctamente o significado dos puntos na figura e cal é a razón da súa particular distribución (hipocentros de sismos en zona de subdución, localizados aproximadamente no Plano de Benioff, que se corresponde co percorrido da placa litosférica oceánica que se afunde baixo outra placa, neste caso continental)

Máx. 1 pto. por indicar correctamente que outros procesos xeolóxicos teñen lugar nese tipo de bordo: magmatismo (magmas de composición intermedia), con formación de rochas ígneas volcánicas e plutónicas; metamorfismo de rexional, de contacto e dinamometamorfismo, segundo a zona afectada e o factor principal do metamorfismo.

PREGUNTA 5. Máximo 2 puntos. Analice o esquema-diagrama 2:

Máx. 1 pto. por indicar correctamente os tipos de contactos entre 4 e 3 (inconformidade), 5 e 1 (contacto discordante con discordancia angular), 4 e 1 (inconformidade).

Máx. 1 pto. por indicar correctamente que morfoloxía ten o material 2 (terrazas fluviais), cal foi o seu axente de formación (erosión do leito fluvial, depósito de materiais sedimentarios na chaira de inundación, incisión da canle nos depósitos aluviais e posteriormente no substrato rochoso, e novo depósito de sedimentos nun nivel inferior, que é de novo erosionado pola canle actual) e a orde relativa de formación dos materiais 2a e 2b (2b é máis novo que 2a, pois é un nivel inferior, e máis recente, de terraza).

PREGUNTA 6. Máximo 2 puntos. Analice o esquema-diagrama 2:

Máx. 1 pto. por describir correctamente a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos: depósito dos sedimentos que darán lugar ao material 4- metamorfismo e pregamento de 4 – erosión - depósito de 3 – depósito de 5 - deformación con basculamento – erosión – depósito de 1 – falla – erosión fluvial - depósito de 2a – erosión fluvial - depósito de 2 b- erosión. (Como non hai relación no esquema entre a falla e os materiais aluviais 2, acéptase que se

ABAU
CONVOCATORIA DE XULLO
Ano 2020
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

XEOLOXÍA
(Cód. 25)

sitúe con posterioridade a estes, aínda que non sería de agardar un esforzo tectónico importante tan recente).

Valórase con 0,75 ptos. se hai un erro; 0,25 se hai dous erros; 0 ptos. se hai máis de dous erros no ordenamento; réstanse 0,15 ptos. pola omisión de cada episodio de erosión ou evento tectónico.

Máx. 1 pto. por indicar correctamente que materiais dos que aparecen no corte xeolóxico teñen mellores propiedades para ser acuíferos (dáse máis importancia a como se argumenta a resposta, en base á potencial porosidade e permeabilidade dos materiais).

PREGUNTA 7. Máximo 2 puntos.

0,5 puntos pola definición correcta de cada termo.

PREGUNTA 8. Máximo 2 puntos. Resolva as dúas asociacións.

8.1. Máx. 1 pto. (0,1 pto. por emparellamento correcto): 1-G, 2-A, 3-D, 4-C, 5-F, 6-B, 7-E, 8-C, 9-G, 10-A.

8.2. Máx. 1 pto. (0,2 ptos./frase correctamente construída).

A modo de exemplo, aínda que pode haber outras redaccións correctas:

- O gneis é unha rocha metamórfica que presenta un bandedo característico, debido á segregación de minerais claros e escuros.
- O granito é unha rocha ígneas que adoita presentarse en afloramentos de tipo batólito.
- A hidrólise é o principal mecanismo de meteorización química que afecta aos silicatos.
- A brecha é unha rocha sedimentaria detrítica que presenta clastos grosos de bordes angulosos.
- A lousa é unha rocha metamórfica de grao fino que se caracteriza pola súa excelente exfoliación.

ABAU
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Ano 2020
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

XEOLOXÍA
(Cód. 25)

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos, das que se poden responder un **máximo de 5**, combinadas á elección do alumnado. De responder a máis preguntas das permitidas, só se corrixen as 5 primeiras respondidas.

PREGUNTA 1. Máximo 2 puntos. Responda dous dos tres apartados temáticos:

1.1. Máx. 1 pto. pola explicación correcta das principais reaccións de meteorización química nas que intervén a auga: disolución, hidratación e hidrólise (0,33 ptos. por reacción).

1.2. Máx. 1 pto.: 0,33 ptos pola explicación correcta de que é o solo; 0,33 ptos pola descrición dos seus compoñentes (materia orgánica e materia mineral, e a súa orixe); 0,33 ptos pola descrición de polo menos 3 tipos de horizontes (O, A, B, C, R).

1.3. Máx. 1 pto. pola identificación correcta dos axentes xeolóxicos que orixinan as formas de modelado: delta – duna – morena (morea) – dolina – terraza (0,2 ptos. por forma).

PREGUNTA 2. Máximo 2 puntos. Responda dous dos tres apartados temáticos:

2.1. Máx. 1 pto. pola definición correcta e completa dun oróxeno de colisión e a descrición dun exemplo.

2.2. Máx. 1 pto. pola explicación correcta e completa da orixe e a composición do magma que se forma baixo as dorsais oceánicas, e a descrición das rochas que se forman tras o seu arrefriamento.

2.3. Máx. 1 pto. pola explicación correcta e completa da “deriva continental” e a descrición de cando menos dúas probas da mesma.

PREGUNTA 3. Máximo 2 puntos. Analice o esquema-diagrama 1:

Máx. 1 pto por indicar correctamente o tipo de bordo de placa representado no esquema-diagrama 1 (bordo activo destrutivo - bordo converxente - zona de subdución de placa oceánica baixo placa oceánica, que da lugar á formación dun arco de illas).

Máx. 1 pto. por explicar correctamente o significado xeolóxico dos tres puntos brancos (hipocentros de sismos en zona de subdución, localizados aproximadamente no Plano de Benioff, que se corresponde co percorrido da placa litosférica oceánica que se afunde baixo outra placa, neste caso tamén oceánica).

PREGUNTA 4. Máximo 2 puntos. Analice o esquema-diagrama 1:

Máx. 1 pto. por indicar correctamente un exemplo de zona xeográfica onde se localice ese tipo de estrutura (calquera exemplo de arco de illas ou arco insular).

Máx. 1 pto. por indicar correctamente os procesos xeolóxicos que teñen lugar nese tipo de bordo: xeración dun arquipélago de illas con forma curvada, paralela ao bordo de placa, cunha fosa oceánica asociada; se a subdución acontece non moi lonxe dun bordo continental, xeración dun mar interior entre o arco de illas e o continente. Magmatismo de composición variada, como consecuencia da fusión de materiais do manto no proceso de subdución, favorecida pola presenza de volátiles; intenso vulcanismo, dando lugar a unha cadea de volcáns que emerxen desde o fondo mariño; formación de rochas plutónicas en profundidade. Metamorfismo rexional de alta presión e baixa temperatura, e metamorfismo de contacto. Sismicidade de foco superficial, intermedio e profundo, seguindo o plano de descenso da placa que subduce.

PREGUNTA 5. Máximo 2 puntos. Analice o esquema-diagrama 2:

Máx. 1 pto.: 0,75 ptos. por indicar correctamente os tipos de contactos entre B e C (inconformidade), C e D (contacto concordante), E e C (inconformidade). 0,25 ptos. por indicar que a orixe do material que se atopa entre E e B é unha aureola metamórfica producida por metamorfismo de contacto ao intruír o material ígneo E nas lousas B.

Máx. 1 pto. por indicar, razoando correctamente a resposta, se se produciu unha regresión ou transgresión na serie C-D-A (é unha regresión, xa que, de abaixo arriba, preséntase unha secuencia sedimentaria de: calcarias e dolomías →arenitas →conglomerados, que se corresponde co afastamento da liña de costa mar dentro, pasando dunha

ABAU
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Ano 2020
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

XEOLOXÍA
(Cód. 25)

sedimentación química, propia de medios sedimentarios mariños de augas profundas, a unha sedimentación detrítica de grao medio e finalmente máis grosso, que é propia de ambientes someros).

PREGUNTA 6. Máximo 2 puntos. Analice o esquema-diagrama 2:

Máx. 1 pto. por describir correctamente a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos: depósito dos sedimentos que darán lugar ao material B- metamorfismo e pregamento de B - intrusión de E e formación da aureola metamórfica - erosión – inmersión e depósito de C - depósito de D - depósito de A – emersión e erosión fluvial – depósito de F. Valórase con 0,75 ptos. se hai un erro; 0,25 se hai dous erros; 0 ptos. se hai máis de dous erros no ordenamento; réstanse 0,15 ptos. pola omisión de cada episodio de erosión ou evento tectónico.

Máx. 1 pto. por indicar razoadamente que oroxenia afectou ao material B: Trátase de lousas con graptolites, que son fósiles guía para a datación de rochas da primeira metade do Paleozoico. A deformación e metamorfismo dos materiais previamente depositados pode ser atribuída á Oroxenia Hercínica ou Varisca, que se produciu a finais do Paleozoico. A intrusión granítica debeuse producir tamén durante esta oroxenia. O relevo foi moi suavizado pola posterior erosión, o que dá idea de que se trata dunha deformación antiga, que foi posteriormente arrasada durante o Mesozoico (os relevos da Oroxenia Alpina, que se produciu no Mesozoico tardío e Cenozoico, adoitan estar menos suavizados). Os materiais que se depositaron por arriba destes non conteñen fósiles e non poden ser datados, polo que a Oroxenia Alpina no pode ser completamente descartada, sendo entón estes materiais C-D-A posteriores a esta deformación. Valórase o razoamento.

PREGUNTA 7. Máximo 2 puntos.

0,5 puntos pola definición correcta de cada termo.

PREGUNTA 8. Máximo 2 puntos. Resolva as dúas asociacións.

8.1. Máx. 1 pto. (0,1 pto. por emparellamento correcto): 1-C, 2-J, 3-B, 4-H, 5-A, 6-D, 7-E, 8-F, 9-G, 10-I.

8.2. Máx. 1 pto. (0,2 ptos./frase correctamente construída).

A modo de exemplo, aínda que pode haber outras redaccións correctas:

- As olivinas son nesosilicatos que se forman ao comezo da rama descontinua da Serie de Bowen, que describe a orde de cristalización dos silicatos durante o arrefriamento do magma.
- Unha dobra é unha deformación non elástica que se produce por esforzos compresivos, mantendo a forma adquirida, tras cesar o esforzo.
- Denomínase isomorfismo ao fenómeno polo cal os minerais teñen distinta composición pero a mesma estrutura, como é o caso dos plaxioclasios.
- Unha falla normal é unha fractura con desprazamento, que resulta de esforzos distensivos.
- O seixo é un mineral félsico, compoñente esencial do granito.